

Expediente	CONVENIO ENTRE LA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DE LA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA AGENCIA PARA LA MODERNIZACIÓN TECNOLÓGICA DE GALICIA (AMTEGA), Y LA JUNTA DE CASTILLA Y LEÓN, A TRAVÉS DE LA CONSEJERÍA DE MEDIO AMBIENTE, VIVIENDA Y ORDENACIÓN DEL TERRITORIO, EN MATERIA INFORMÁTICA, PARA LA CESIÓN DEL USO DE LA APLICACIÓN XESTOR Y EL SISTEMA CORPU
Anualidades	2025-2026-2027-2028
Vixencia	A partir do día seguinte ao da data de sinatura, cunha duración máxima de catro anos, prorrogables
Asunto	Memoria xustificativa

1. Antecedentes

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, exerce as competencias establecidas no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

E, de acordo co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e se aproban os seus estatutos, esta é unha axencia pública autonómica, actualmente adscrita á Consellería de Facenda e Administración pública que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Entre as súas competencias e funcións están a planificación estratéxica, deseño, desenvolvemento, adquisición, mantemento e implantación dos sistemas de información de aplicación e o impulso da aplicación de novas tecnoloxías. Igualmente, o deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa.

Por outra parte, a Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio da Junta de Castilla y León, a través da Dirección General de Patrimonio Natural y Política Forestal, ten atribuídas competencias en virtude do Decreto 9/2022, do 5 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio.

A Xunta de Galicia, a través da AMTEGA e en colaboración coa Consellería do Medio Rural, desenvolveu os seguintes sistemas de xestión do medio forestal:

- ✓ XESTOR, que ten por obxecto o soporte da xestión orzamentaria e administrativa dos gastos relativos a expedientes de obras, servizos e subministracións, investimento directo da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, entre os que se encontran os tratamentos silvícolas, infraestruturas, repoboacións, redacción de proxectos, mellora xenética, compra de material, entre outros.



- ✓ CORPU, que ten por obxecto a xestión dos aproveitamentos de talas de montes xestionados pola Administración segundo os convenios e consorcios que a habilitan para aqueles.

No artigo 157.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, regúlase a reutilización de sistemas e aplicacións propiedade da administración:

“1. As Administracións porán a disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou que tiveran sido obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, agás que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma. As Administracións cedentes e cesionarias poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.”

A Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio da Junta de Castilla y León, no marco das súas competencias sobre xestión do medio e patrimonio natural, ten interese en dispoñer, como posible punto de partida para o desenvolvemento dun sistema de información para a xestión de proxectos, obras e servizos no medio natural, do sistema XESTOR, desenvolvido e en funcionamento na Xunta de Galicia, e do sistema CORPU.

2. Obxecto e actuacións

1. A AMTEGA pon a disposición da Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio da Junta de Castilla y León a aplicación da súa titularidade, denominada XESTOR, co fin da súa análise, estudo e, se é o caso, reutilización parcial para dar solucións técnicas aproveitables, que poden completar o “sistema de información para a xestión de proxectos, obras, servizos e subministracións no medio natural” da Dirección General de Patrimonio Natural y Política Forestal, para a súa utilización no ámbito da Comunidade autónoma de Castilla y León. Así como o sistema CORPU co fin de implementar solucións similares na dita dirección xeral.
2. A posta a disposición de ambas aplicacións ou sistemas de información inclúe a cesión de todas as funcionalidades que contén este sistema para a xestión operativa de investimentos realizados no medio natural pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, incluíndo especificacións, manuais, código fonte, esquemas de datos e calquera outra documentación existente que poida necesitarse para a súa adaptación e implantación. Non inclúe a asistencia técnica por parte da Xunta.
3. A posta a disposición das aplicacións ou sistemas de información sinalados nos puntos anteriores realízase sen repercusión de custo económico ningún para a Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio da Junta de Castilla y León.
4. Esta posta a disposición non implica responsabilidade ningunha para a Xunta de Galicia en caso de eventuais problemas por erros ou non conformidades coa configuración da aplicación ou o seu funcionamento, polo que en ningún caso haberá lugar á esixencia daquela.



Todo o anterior, nos termos especificados no texto do convenio (cláusulas segunda a quinta).

3. Vixencia e resolución

O convenio producirá efecto a partir do día seguinte ao da data da sinatura e a súa duración máxima será de catro anos, agás denuncia previa e comunicación dalgunha das partes á outra, con al menos tres meses de antelación á data de de finalización prevista.

Porén, antes da finalización do prazo sinalado, os asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período máximo de catro anos adicionais.

Resolverase polas causas e cos efectos previstos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. Financiamento

O convenio non leva consigo obrigas económicas para ningunha das partes.

5. Réxime xurídico e resolución de conflitos

De conformidade co establecido no apartado 1 do artigo 110 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre bens e dereitos patrimoniais rexeranse, no que atinxe á súa preparación e adjudicación, por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento e, no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas. Os seus efectos e extinción rexeranse pola Lei 33/2003 e polas normas de dereito privado.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas derivadas do convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición civil, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 110 da Lei 33/2003.

Non obstante o anterior, as discrepancias que puidesen xurdir entre a Consellería do Medio Rural e a AMTEGA resolveranse conforme ao previsto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, relativo a conflitos de atribucións.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez

O Xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
José Luis Somoza Digón

